



Coraline

Neil Gaiman e Craig P. Russell

Cando Coraline atravesa a última das catorce portas da casa á que acaba de mudarse, atópase cunha realidade paralela á súa. Ao principio, todo parece marabilloso, pero non tardará en decatarse de certos inconvenientes.

A pantasma telefónica

Xabier A. Barreiro Liz


Agora sabían o xeito de localizar a pantasma e poderían tentar illala. Só que... algo non estaba a marchar como estaba previsto; pouco a pouco, a mensaxe da pantasma foi tomando forma, de novo, no móbil e na computadora de Xulia, e non só iso, senón que a mecha da candeia con forma de dragón comezou a arder sen que ninguén a tocasse...



Calvina

Carlo Fabretti

Cando, preto da medianoite, Lucrecio quedou co seu amigo, xunto a un vello caserón, non contaba con que o seu carácter aventureiro o empurraría a entrar alí, unha vez que se decatara de que o seu amigo lle deu plantón. O encontro cun misterioso ser de negro, cambiaría para sempre a súa vida.



O Equipo da Biblioteca deséxavos un feliz verán, cheo de refrescantes lecturas.




Guía de lecturas para o verán

1º ciclo ESO



**BIBLIOTECA
PINO MANSO**



La canción del delfín

Lauren St. John

Martine vive desde a morte dos seus pais coa súa avoa en Sudáfrica. Durante unha excursión en barco, unha forte tempestade bótaa pola borda xunto aos seus compañeiros. A súa capacidade para falar a linguaxe secreta dos animais, fai que os delfíns os conduzan ata unha illa solitaria onde intentan sobrevivir ata ser rescatados...

...

Lúa do Senegal

Agustín Fernández Paz



Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa de Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra, a vida é dura para ela: non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África.

O carteiro de Bagdad

Marcos S. Calveiro



Unha misteriosa carta que debe ser entregada, custe o que custe, levará a dous rapaces separados por un conflito do que son alleos a descubrir o valor da amizade e a lealdade..



Al otro lado del espejo

Peter Abrahams

Inicio dunha serie que protagoniza unha nena moi inqueda, amante de Sherlock Holmes, que unha noite busca refuxio na casa dunha muller que á mañá seguinte aparece asasinada. A partir dese momento, comezará a súa investigación.

El crimen de la Hipotenusa


Emili Teixidor

A profesora de matemáticas, apodada a Hipotenusa, desaparece misteriosamente deixando un regueiro de sangue. No colexio, o inspector Arveja inicia un longo interrogatorio entre os sospeitos do crime: algúns dos peores alumnos, aos que a Hipotenusa ía suspender...



Cyrano


Ilustradora: Rebecca Dautremer



Álbum ilustrado baseado en *Cyrano de Bergerac* de Edmond Rostand. Cyrano tiña un enorme nariz e todos se rían del. Tivo que aprender a defenderse e buscar a beleza a través da poesía. En segredo, namorado da súa prima Roxana, utilizará os poemas que escribe para facela caer -paradójicamente- nas redes do seu compañeiro Christian.

Améndoas e flores silvestres

David D. Vázquez Álvarez



No S.XI, Roi, o fillo do ferreiro, servo de don Guzmán, soña con ser un home libre para poder ser armado cabaleiro. Coñece polo seu avó, o druída, as historias do rei Arturo e do Santo Graal, o que o vai levar por inhóspitas e estrañas paraxes coa soa compañía de Alba, decidida, tamén, a romper coas ataduras do destino que para ela marcou seu pai, o conde. Xuntos van descubrir onde se agocha a verdadeira liberdade...

Un esqueleto en el armario


Manuel L. Alonso

Daniel leva varios días enfermo; non pode saír da súa habitación e tampouco recibir visitas. El presente que algo está a pasar. Un día, escoita aos seus pais discutindo con alguén que non coñece. A lectura dos tebeos cambiará os seus días.



El pequeño señor Paul

Martin Baltscheit



Desde que naceu, o pequeno señor Paul, estivo rodeado dun mar de libros. En realidade a súa casa era unha bibliocasa con biblioxardín, biblioárbores e bibliofroitos. Nos relatos cóntanos, de xeito enxeñoso e humorística, a súa vida, os seus singulares encontros, a súa relación cos libros...